

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

RESOLUCIÓN do 28 de setembro de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 29 de abril de 2019, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do terceiro exercicio.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 9 de decembro de 2020 (BOPG número 65, do 21.12.2020) e do 22 de xaneiro de 2021 (BOPG número 82, do 26.01.2021), para cualificar o proceso selectivo por quenda libre de dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 29 de abril de 2019 (DOG núm. 94 do 20.05.2019), acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.3., que o terceiro exercicio e a cuxa realización están obrigados os aspirantes que se relacionan no anexo terá lugar o luns, día 18 de outubro de 2021, na Sala de exposicións da planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 11.00 horas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Así mesmo, lémbrese que seguen vixentes as normas sanitarias para a prevención da transmisión da covid-19, ditadas con ocasión do primeiro exercicio.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021

Raquel Rodríguez Carro

Presidenta do Tribunal

ANEXO

Proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo auxiliar do parlamento de Galicia (grupo D)

Relación das persoas que están obrigadas a realizar o terceiro exercicio o día 18 de outubro de 2021

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	ARCAS TABOADA	DANIEL	**4287**
2	GARCÍA GARCÍA	MARTÍN	**6202**
3	LOURIDO FERNANDEZ	PABLO	**8821**
4	OTERO SÁNCHEZ	MANUEL	**4617**

